# ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 4-8 DE MAIO

RUTINAS DIARIAS:

- Traballar a data: día da semana, número de día, mes do ano e o número do ano. Cancións en youtube: Canción los días de la semana, Los meses del año.
- Estación do ano: Canción en youtube: La primavera ya llegó - Rock infantil.
- Tempo que vai. Podemos recitar a poesía: Ventá da clase, dime que día vai hoxe? Dime se o sol saíu ou a nube o tapou, se a choiva cae, cae, o vento sopra hoxe. Ventá dime xa, que día vai hoxe?
- Sería importante que escribiran tamén a data.

*Como o domingo 3 foi o **día da nai**, esta semana imos dedicar as actividades desta semana ás mamás.*

## LUNS 4: Comezaremos vendo o vídeo deste precioso conto.




Agora podes facer con mamá o xogo "ADIVIÑA CANTO TE QUERO"

- Nun papel contestas, ti soliño/a sen que ninguén o vexa, á seguinte pregunta: ¿CANTO QUERO EU A MAMÁ?
- No outro papel mamá escribe a súa resposta:¿CANTO QUERE MAMÁ A .........?

Por último ti les a resposta de mamá e mamá le a túa *(seguro que se vos axudades poderedes entender o que pon, aínda que falte algunha letra).*

*Podedes utilizar o modelo ANEXO I*

## MARTES 5: Hoxe toca traballar os contrarios.

Tes que **ler** as palabras que aparecen a continuación e decidir se che corresponden a a ti ou a mamá:

ALTO CURTO PEQUENO LONGO BAIXO GRANDE

Pinta da mesma cor os contrarios.

*(Podes facelo aquí, utilizar a ficha ANEXO II, ou facer unha ficha parecida con debuxos sinxelos).*

## MÉRCORES 6: Hoxe imos facer unha figura unindo puntos.

É moi sinxelo, só tes que unir os puntos e sairá un debuxo que despois podes colorear.

*(Os números da ficha son ata o 20, na aula traballamos só ata o 10, polo que a partir dese número poden precisar axuda)*

- Podes facer a ficha ANEXO III
- Se non tes impresora podes intentar debuxar algo parecido.
- Ou podes premer na icona para acceder a este xogo de ordenador:




## XOVES 7: Investigo, ¿cántas nais hai na miña familia?

Mira a ficha ANEXO IV

Tes que poñer os nomes que corresponda, busca entre os familiares directos, ou persoas moi achegadas.

Engade mais frases se é necesario.

## VENRES 8: Debuxo a mamá.

Podes probar a seguir este vídeo, para ir paso a paso facendo este debuxo:




Ou podes debuxala ti como queiras.

ANEXO I

Quero a mamá ..........................................

..................................................................................................

..................................................................................................

..................................................................................................

✂ ..................................................................................................

Quero ao meu fillo/a ........................................

..................................................................................................

..................................................................................................

..................................................................................................

*ANEXO I I*

NOME……………………………………………………………………………..DATA…………………………………………………..

**LE CON ATENCIÓN AS PALABRAS, PINTA DA MESMA COR OS CONTRARIOS E DESPOIS RECORTA AS PALABRAS E PÉGAAS AO LADO DA MAMÁ OU DO FILLO SEGUNDO CORRESPONDA:**



✂ ……………………………………………………………………………………………………………………………………………

| | | | |
|---|---|---|---|
| ALTO | CURTO | PEQUENO | GRANDE |
| | LONGO | BAIXO | |

# Segue os números





ANEXO IV

# INVESTIGO




## ¿CANTAS NAIS HAI NA MIÑA FAMILIA?

- A avoa ............................ é a **nai** de papá.
- A avoa ............................. é a **nai** de mamá.
- A tía ................................ é a **nai** do meu/miña primo/a .............................
- A tía ................................ é a **nai** do meu/miña primo/a .............................
- 

Na miña familia hai ................. **nais.**